


A Torre e o parque escultórico de Hércules



LIMIAR

A Torre de Hércules é o símbolo por excelencia da Coruña. A súa construción está estreitamente ligada ás lendas que explican a fundación da cidade. Está presente no escudo institucional e serve incluso para crear un xentilicio coruñés único e orixinal: *herculinos e herculinas*.

A contorna na que está situada é estratéxica e vixía a entrada por mar á cidade. O faro romano foi testemuña ao longo da súa vida de moitos sucesos e acontecementos que marcaron o devir da historia da cidade, tanto que nalgún momento era coñecida co nome de *Faro*. Hoxe en día representa o pasado e as arelas de futuro dunha urbe en plena efervescencia.

É un dos reclamos turísticos da cidade e todos os visitantes acoden nun peregrinar relixioso e devoto á Torre, pero poucos descubren a fermosura dos seus arredores e, moito menos, o parque escultórico que se espalla entre a *cala dos Piratas* e a *praia de San Amaro*. O chamado *Xardín de Hércules* está decorado por unha chea de monumentos espallados que nos van ofrecendo un sinxelo e didáctico percorrido pola nosa historia.

Deteñámonos na contemplación da Torre e non deixemos de pasear polos seus arredores e descubrir o engado das pedras, do aceiro..., do mar en perfecta simbiose.

Esta pequena guía soamente pretende facilitar este paseo proposto e animar aos visitantes a que descubran por si mesmos os encantos deste parque escultórico ao ar libre que sempre mira o mar.



A TORRE DE HÉRCULES

Está erixida nun outeiro situado entre a praia das Lagoas e Punta Herminia, a 60 m sobre o nivel do mar.



As referencias a este monumento, símbolo da nosa cidade, remóntanse a Paulo Orosio, historiador visigodo (390-418). Ao seu redor xorden moitas lendas que atribúen a súa construción a heroes coma Breogán, considerado rei de España, construtor da cidade de *Brigantia* e da torre que nela existe, a *Tor Breoghaim*, como figura no manuscrito irlandés escrito en gaélico cara ao ano 1100 *Leabhar Ghabhàla*, ou *Libro das invasións*.

Orixinariamente este monumento romano tería unha planta cadrada de 10 m de lado e tres pisos de distinta altura, dos cales o superior sería máis alto. Existía unha rampla que ascendía por todo o edificio. Estaba coroado por un corpo redondo con remate en cúpula.

Na actualidade o faro é un edificio de planta cadrada de 11,40 m de lado por 53 m de altura, logo da reforma realizada por orde de Carlos III.

Construíuse a finais do século I d.C. e a principios do século II d.C. (no tempo de Traxano) baixo a dirección do arquitecto lusitano Gaio Sevio Lupo, tal e como figura nunha inscrición gravada na rocha ao pé do monumento:


MARTI/AVG SACR/C SEVIVS/LVPVS/
ARCHITECTVS/AEMINIENSIS/LVSITANVS EX VO

A denominación de *Torre de Hércules* débese á lenda de Hércules como fundador da cidade da Coruña. Hércules enfróntase ao xigante Xerión. Trala morte do xigante, Hércules manda construír unha torre onde enterra a cabeza cortada do seu inimigo. A torre serviu de faro de orientación e guía para a navegación, de punto de observación para a protección da cidade e incluso como fortaleza medieval. O aspecto actual débese á última reforma realizada en 1790.



A Torre de Hércules foi dende o século XVIII o símbolo da nosa cidade e o seu contorno lugar de paseo e evasión.


O ilustrado coruñés Xosé Cornide Saavedra reproduciu en 1792 as diferentes formas da Torre ao longo dos séculos.



En 1944, Luís Seoane publicou en Bos Aires un álbum con 49 debuxos titulado *Homenaje a la Torre de Hércules*. Só aparece a Torre, ergueita, pequena, amozada, nun recuncho da primeira lámina.

As gaivotas, as redes mariñeiras, as mulleres, os homes, as rochas, as cunchas, as embarcacións... a mar evocan as lembranzas deste ilustre artista. Rafael Dieste

prologou este álbum que foi obxecto dunha edición fascimular por Edicións do Castro en 1989.



O tres de decembro de 1992, o tristemente lembrado *Mar Exeo* tinxiu de fume negro e tóxico o ceo e a nosa alma.

O mércores 13 de novembro de 2002, a chamada de auxilio do petroleiro *Prestige* iniciou unha longa noite de chapapote que volveu a petrolelear as nosas almas, aínda que esta vez a conciencia cívica e solidaria dos cidadáns marcou xa para sempre un novo tempo no que a submisión deu paso á dignidade e á acción. O berro NUNCA MÁIS pasará para sempre a formar parte da nosa historia.



En 2009, a Torre de Hércules, o faro romano en activo máis antigo do mundo, foi declarada Patrimonio da Humanidade.


O PARQUE ESCULTÓRICO DE HÉRCULES

En 1994, a Demarcación de Costas de Galicia iniciou un ambicioso proxecto de recuperación medioambiental do contorno da Torre de Hércules.

Consistía, ademais da limpeza xeral da maleza, na colocación dunha serie de grupos escultóricos para crear un verdadeiro museo ao ar libre, o coñecido *Xardín de Hércules*.

Diferentes artistas galegos, e algúns non galegos, crearon en distintos materiais as súas obras. Todas teñen un elemento común: A Coruña. Dende diversos enfoques recrean parte dos mitos e lendas da construción da torre e fan referencia a acontecementos e persoeiros vinculados á cidade herculina.





Punta Herminia

Polígono de Durmideiras

Agra de San Amaro

Cidade Deportiva da Torre

Punta Rabadeira

Praia das Lagoas ou Cala dos Piratas

1. Caronte, Ramón Conde

Ramón Conde é autor dunha obra certamente singular. A súa achega a este parque escultórico é Caronte. É outro dos gardas do parque.

Está realizado en bronce e érguese sobre un pedestal granítico na entrada ao parque escultórico. Caronte, o barqueiro de Hades na mitoloxía grega, cargaba na súa barca a alma dos mortos e axudábaos a pasar o río sagrado. Caronte é tamén o gardián das portas do inferno. As esculturas de Ramón Conde caracterízanse pola súa exuberancia e pola voluptuosidade esaxerada da anatomía humana.



2. Breogán, Xosé Cid

Breogán está labrado en granito polo escultor ourensán Xosé Cid. Breogán, heroe celta a quen atribúe a lenda a construción da torre. Esta monumental escultura de máis de catro toneladas eríxese coma o verdadeiro gardián do parque.



3. *Hidra*, Fidel Goás

Conforme subimos cara á Torre, á man esquerda, está situada esta escultura de Fidel Goás. Trátase dunha orixinal ensamblaxe de sete cubos graníticos en perfecto equilibrio e harmonía que simbolizan unha hidra, o monstro acuático mitolóxico con forma de serpe que Hércules matou nunha das súas doce tarefas.



4. Carlos III, Pablo Serrano

Posteriormente á creación do Xardín de Hércules fóronse colocando outras esculturas representativas polo contorno. É o caso desta que representa a Carlos III, o monarca responsábel da última reforma da Torre, e que semella estar de garda ao pé das escalinatas de acceso á Torre.



5. *Portas, Paco Leiro*

A propia Torre ten unhas novas Portas. Son en realidade portas-esculturas que contan cuns altorrelevos en bronce realizados polo escultor Paco Leiro e que representan, a xeito de viñetas, diversas escenas inspiradas nas lendas sobre a Torre: a vitoria de Hércules sobre Xerión, o espello maravilloso, as naves con ramallos que enganaron ao espello, o espolio da Torre na Idade Media, a caveira e os ósos de Xerión...



6. *Rosa dos ventos*, Xabier Correa

Na vella canteira que existía diante da Torre realizouse un grande mural que simboliza o desexo de harmonía dos illados países celtas. O resultado é a *Rosa dos ventos*, de Xabier Correa.

O diámetro desta rosa dos ventos non chega aos vintecinco metros, para así non superar o diámetro da planta da Torre.

Aínda que non é celta, inclúese tamén Tarsis, a cidade mítica dos tartesos nas beiras do Guadalquivir, que estivo gobernada polo rei Xerión. De aí o símbolo da caveira.

Galiza está representada por unha vieira. Eire; simbolizada polo trevo, en homenaxe a San Patricio, cristianizador de Irlanda. Alba; o cardo, símbolo da fidelidade escocesa. Manin; a Illa de Man simbolizada coas tres pernas. Cymru, o País de Gales simbolizado cunha serpe alada. Kernow; Cornualles, simbolizado por un cáliz. Breiz; un tríscele moi peculiar, simboliza á Bretaña.



7. *Espiñento*, Enrique Saavedra

Está pendurada nun dos cantís do contorno por cables de arame e semella estar suspendida sobre as ondas que baten bravamente nas penas da furna. É unha fusión entre raspa de sardiña e estrutura de barco invertida.



8. Ara Solis, Silverio Rivas

Unha grande e monumental porta de pedra situada sobre un camiño, o *Ara Solis*. As portas simbolizan a entrada a unha nova dimensión; atrás deixamos o pasado. Conforme nos imos achegando á porta, imos descubrindo o mar e o horizonte. A porta, o *altar solar*, podémola atravesar pola mañá, de oeste a leste, e veremos o amencer. Polo serán, de leste a oeste, o solpor.



15



9. Gardiáns, Soledad Penalta

Os *Gardiáns* é un conxunto de tres esculturas férreas que simbolizan as cabezas dos tres Xerións que gardan celosamente a Torre. Obra da escultora coruñesa Soledad Penalta. Os gardiáns está realizados en aceiro cortén. Os seus riscos faciais son mínimos, chamando poderosamente a atención, pola súa condición de vixilantes, que non teñan ollos. De seguirmos as proporcións das cabezas podemos imaxinarnos a grandiosidade destes vixilantes da Torre que a protexen na cara da *Cala dos Piratas*.



10. Menhir pentacefálico, Ramón Miranda

As cinco faces simbolizan as sucesivas xeracións de pobos que habitaron estas terras.

Os ártabros eran os que habitaban os castros de Elviña, Nostián, Os Castros, etc., formaban parte da comunidade brigantina e pertencían á tribo ártabra. Os ártabros ou os arrotrebas constituían unha tribo celta que se estendía dende o Barbanza ata a Serra Faladoira.



11. Ártabros, Arturo Andrade

Este grupo escultórico fai referencia aos antigos poboadores celtas desta bisbarra. Ao pé da torre semellan estar en animada conversa. Os tres personaxes: a muller, o mariñeiro e o guerreiro, expresan as ilusións, desexos e esforzos dun vello pobo combativo.



18



12. Combate entre Hércules e Xerión, Tim Behrens e Xosé Espona

O célebre e sanguento Combate entre Hércules e Xerión está representado por unha especie de labirinto, de estanque, no que as súas canles perfilan a loita lendaria. Hércules e Xerión loitaron durante tres días. Hércules venceu e cortoulle a cabeza ao xigante. Mandou facer naquel lugar unha torre moi grande e fixo meter nos cimentos a cabeza de Xerión; logo mandou poboar alí unha cidade, Crunia.

Tim Behrens, pintor inglés, e Xosé Espona, pintor coruñés, axuntaron a súa capacidade creativa para construír este conxunto que xoga coas formas, coa luz, coa auga e coa perspectiva. Dende o alto da Torre pódese apreciar a feroz loita.



13. *Guitarra*, Pablo Serrano

Rende cumprida homenaxe a Picasso, o pintor que foi alumno da Escola de Artes e Oficios da Coruña, onde pintou a Torre de Hércules.

Pablo Picasso chegou á Coruña en setembro de 1891, cidade na que o seu pai, José Ruíz Blasco, foi profesor de Debuxo e Adorno na Escola Provincial de Belas Artes.



14. Caracola, Moncho Amigo

Situada en Punta Herminia, o máis preto do mar posíbel, para así recoller todas as súas vibracións. Dende a súa situación podemos captar un fermoso plano da Torre.

Está realizada en aceiro cortén e formada por aros que van aumentando progresivamente ata conseguir constituírse coma unha caracola mariña que recolle e amplifica o son do mar, harmonizando o vento, o mar e a terra.



15. A Copa do Sol, José Galán

A peculiar embarcación que Hércules pediu prestada para cruzar os océanos nas súas viaxes heroicas. O Sol embarcaba nela cada noite ao chegar ao océano para poder regresar ao seu palacio situado no oriente do mundo. Esta orixinal peza realizada en aceiro cortén, semella ser tamén o mascarón de proa dunha embarcación, e ao mesmo tempo a copa que contén a poción máxica da eterna xuventude.



16. Hércules na nave dos Argonautas, Gonzalo Viana

Recorda a tradición das barcas de pedra vinculadas ás lendas galegas coma a da Virxe da Barca de Muxía ou a de Iria Flavia na que chegaron os restos do apóstolo Santiago.

Hércules chega a Brigantia na nave dos míticos Argonautas, os heroes aqueos que capitaneados por Jasón conquistaron o vellocino de ouro (lenda grega do 250 a. X.).

Hércules aparece axeonllado na barca de pedra. A proa está perfectamente aliñada coa Torre. A popa, de costas a San Amaro.



17. Familia de menhires, Manolo Paz

O conxunto de *Menhires* harmoniza o ceo e a terra e encadra a Torre dende varias perspectivas. As pedras fitas constitúense no megalítico, xunto cos dolmens, coma un dos monumentos máis característicos. Podían aparecer illados, como o da Lapa de Gargantáns, en Moraña, ou ben formando círculos líticos, ou aliñados.

Son en total 12 menhires de distinto tamaño que representan tamén a unidade familiar, correspondéndose os máis grandes co pai e a nai. Este orixinal e moderno círculo lítico está perfectamente aliñado entre a saída e a posta do sol. O escultor aplicoulles uns buratos aos menhires para que a través deles puidésemos observar a Torre, o ceo, a terra e o mar.



18. Cemiterio dos mouros

A carón do monumento dedicado aos fusilados no 36 está o *Cemiterio dos Mouros*, camposanto no que enterraban aos marroquís musulmáns mortos durante a guerra civil. Os restos óseos que aquí se atopaban foron trasladados nos anos 60 ao cemiterio civil, en San Amaro. Hai un proxecto que pretende converter este cemiterio na casa da palabra.



19. Campo da Rata

Constitúese o conxunto coma un monumental paredón que nos lembra tamén a construción dos monumentos funerarios megalíticos, ou como dixo o seu autor (Isaac Díaz Pardo) *será coma un cromlech*. Está realizado con 21 grandes bloques graníticos de distintos tamaños procedentes de Cambados, algúns deles con manchas vermellas, que simbolizan o sangue deitado polos fusilados na valente e digna defensa dos seus ideais de liberdade. Os linteis centrais teñen dúas inscricións que gravou o escultor Escudero:

*INMOLADOS DESTES CAMPOS FRONTE AO MAR
TENEBROSO POR AMAR CAUSAS XUSTAS
PRESENTES NA LEMBRANZA DO POVO
E DO SEU CONCELLO DA CORUÑA*

Foi inaugurado o 14 de abril de 2001, no setenta aniversario da proclamación da II República.

Nas grandes laxes verticais da esquerda segundo se mira, están gravados dous textos, dous poemas moi significativos. Un, de García Lorca; outro, de Uxío Carré Alvarellos. Os dous, vítimas dos *paseos* falanxistas. Tamén se atopa unha fotografía dos fusilamentos, roubada por un soldado, sentinela do cárcere, que facía garda na garita.



DOUS POEMAS

*-Esta torre fai mil anos
que a fixeron os fenicios.*


*-Tamén hai algúns indicios
de que é obra dos romanos.*

*-Sodes na historia profanos
e en sentenciar mui lixeiros
pois nin foron os primeiros
nin os segundos, ¡aposto!*

*-Tíranos dá duda, Agosto;
Di ¿quen foron?*

-¡Os canteiros!

Francisco Añón.



**¡Ouh!, meiga cibdá da Cruña,
cibdá da torre herculina,
de xeneracións recordo
máis fortes que as de hoxe en día;
Cibdá que por sobre os mares
ergues a cabeza altiva,
cal onte nas túas murallas
o brazo de María Pita:
¿Que tes nese teu recinto,
que tes prós que te visitan,
que coñecerte non poden
sen que deixarte non sintan?**

M. Curros Enríquez